


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

30-31 de decembro do 2023


SAGRADA FAMILIA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

CANTO 🎵 n° 1 *Que ledos hoxe estamos*
ou n° 65 *Imos compañeiros imos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir a fe en comunidade desfrutando do Nadal. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús naceu e o fixo, como calquera de nós, nunha familia. Por iso, nesta primeira semana despois do seu Nadal celebramos a Familia de Xesús e as nosas familias. É o núcleo fundamental da sociedade na que vivimos. Nela compartimos o amor, o respecto e a fe.

Rematando xa o ano, e facendo balance del, sería bo botar unha ollada cara as nosas relacións familiares ao longo deste tempo.

E teñamos moi presente que “**A Familia e o fogar medran coa alegría dos nenos e a sabedoría dos maiores**”.

Que o teñamos en conta neste ano 2024 que imos comezar.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

OU CANTO 🎵 *nº 66 Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta primeira parte da
celebración presentando a Deus a nosa ledicia e
os nosos bos desexos neste Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti quixeches darnos a Sagrada
Familia coma exemplo.

Concédenos a graza de practicarmos coma ela as
virtudes familiares e de estar unidos polos vínculos
do teu amor. E xúntanos a todos na alegría eterna
do teu fogar.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, que viviu
en familia e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

*San Paulo fai unha ampla exposición das
virtudes que ten que vivir o cristián no seu tempo e
sempre: misericordia, bondade, sinxeleza... pero
sobre todo o amor que é o lazo que nos une coma
nunha familia.*

*O Evanxeo móstranos á familia de Xesús vivindo
na súa cidade de Nazaret como calquera outra
familia, e ao Neno medrando no seu fogar.*

Leccionario II B páx 33 **Col 3,12-21** **LECTURA**

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Coma elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns aos outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo governe os vossos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. Sede tamén agradecidos.

Palabra do Señor

🎵 68 *Con un sombreiro de palla* SALMO

(*en pé*) *Leccionario II B páx 34* Lc 2,22-40 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Cando chegou o tempo da purificación, conforme a Lei de Moisés, levaron Xesús a Xerusalén, para llo presentaren ao Señor (pois así está escrito na Lei do Señor: Todo varón primoxénito consagraredes ao Señor), e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: Un par de rulas ou dous pombiños.

Vivía nese tempo en Xerusalén un home xusto e piadoso, chamado Simeón, que agardaba a restauración de Israel. O Espírito Santo, que estaba con el, tíñalle prometido que non había morrer sen ver o Unxido do Señor.

Movido polo Espírito, foi ao templo, e, cando entraban María e Xosé co neno Xesús para cumpriren o mandado pola Lei do Señor, el, colléndoo nos brazos, louvou a Deus dicindo:

- Agora podes, Señor, segundo a túa promesa, despedir en paz o teu servo, porque xa os meus ollos viron o teu Salvador, o que preparaches para todos os pobos: luz de revelación para os xentís e gloria do teu pobo Israel.

O pai e maila nai do neno ficaron abraiados polo que tal dicía do neno. Bendiciunos Simeón e díxolle a María, a nai:

- Mira, este está disposto para caída ou erguemento de moitos en Israel, para ser bandeira de discusión; e a ti mesma unha espada hache atravesar a alma: así ficarán descubertas as cavilacións de moitos corazóns.

Cando remataron todo o ordenado pola Lei do Señor, volveron para Galilea, á vila de Nazaret.

O neno ía medrando lanzal, forte e intelixente; e a graza de Deus estaba con el.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



O Nadal da Sagrada Familia



Celebrante: A Sagrada Familia é hoxe exemplo para nós como comunidade, agora queremos comprometermos no camiño da vida para sermos nós exemplo para os demais no vindeiro 2024. Xuntos proclamamos a fe que compartimos:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
naquel cortello de Belén, nos escombros de Palestina
e en tantas e tantas vidas rotas de persoas e pobos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres facendo fogar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal
agradecidos cos que están á nosa beira facendo fogar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa,
comunidade que quere medrar acollendo a Xesús
que se fai no medio dos refuxiados
e empobrecidos desta terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante: *Imos agora rezar a Deus, porque queremos ser comunidade e fogar agradecido polo nacemento de Xesús. Dicimos:*

GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR

Monitor/a

✓ Pedimos polas familias cristiáns para que saibamos descubrir na familia de Xesús, un exemplo para todos. Por iso dicimos

✓ Pedimos para que todos atopen en nós un exemplo de familia que axude a descubrir en Deus a un pai, en María a unha nai e en Xesús a un irmán. Por iso dicimos

✓ Hoxe que celebramos a fe honrando á Sagrada Familia de Xesús, pedimos por todas as familias desta comunidade de Os Cotos, especialmente polas que non están tendo un BO NADAL. Por iso dicimos

✓ Pedimos finalmente hoxe tamén por todas as familias que andan á procura de refuxio e de paz. Doídos acollemos a Xesús entre os escombros de Palestina. Por iso dicimos

Celebrante: *Señor, acolle as nosas vidas, os nosos bos desexos destes días de Nadal, e que os demais atopen sempre en nós un fogar de paz. Por Xesucristo noso Señor. Amén.*

**3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN
CON DEUS E COA COMUNIDADE**

NOSO PAI

Celebrante: *Deus faise en nós, faise Nadal, faise en fogar. Atopámolo en quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai ou pai, atopámolo en quen é capaz de dalo todo pola familia, atopámolo en quen é capaz de mirar nos demais a irmáns. Sentíndonos fogar de Deus, e con Xesús nas nosas mans rezámoslle:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola dignidade de todos, falan de sermos “familia”, non nos papeis senón na vida. Que o Deus do fogar de Nazaret nos alente a ser irmáns. Deámonos a paz.*

🎵 **nº 36 Fagámola paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla. Hoxe é unha mesa que nos fai partícipes do Salvador que nace no medio de nós para darnos vida. Ditosos nós, familia convidada a compartir este Nadal do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO nº 65 🎵 **Imos compañeiros imos**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti enfortécesnos con esta celebración.
Fai que seguindo o exemplo da Sagrada Familia
poidamos participar con eles na gloria do ceo
despois dos traballos desta vida.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por
sempre eternamente. Amén

*Acollemos a Xesús coma o Salvador nacido no medio
de nós. Agora dende o sitio onde estamos ou
achegándonos ao Belén (se somos poucos)(sen bicar o
neno) cantamos n^o 72 **Durme meniño (ou calquera
outra panxoliña)***

*Co Nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal.
Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de
amor e de paz. Amén*

*El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do
nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os
nosos corazóns coa súa alegría e nos faga
mensaxeiros do evanxeo. Amén*

*E polo Nadal do seu Fillo uniu a terra co ceo. Que El
nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa
vida sen fin. Amén*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un BO NADAL,
e o Señor, por intercesión da Sagrada Familia,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



**MOI BO FIN DE ANO
E QUE O VINDEIRO 2024 SEXA FARTURENTO**



**“O neno Xesús ía medrando
e a graza de Deus estaba con el”
Palabras do evanxeo de hoxe.**